



ASTO: TRASLADO DE CONVOCATORIA A PLENO.

Polo Sr Alcalde, o día da data, ditouse a seguinte:

“ RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA A PLENO.”

De acordo co disposto no art. 46.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 79 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, **RESOLVO**:

- Convocar ós membros do Pleno do Concello á *sesión ordinaria* deste que terá lugar o vindeiro día **22 de decembro de 2014** na Casa do Concello ás **11.00 horas** en primeira convocatoria, ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria de non obterse quórum suficiente na primeira.

- Fixa-lo seguinte **orde do día**:

1.- Aprobación da acta anterior, que se corresponde co pleno extraordinario de data 13/11/2014.

2.- Dación de conta dos Decretos de Alcaldía dende anterior sesión ordinaria.

3.- Requirimento de anulación por parte da Xunta de Galicia do acordo plenario do Concello de Xinzó de Limia de data 30/10/2014 sobre a aprobación definitiva do “Estudo de Detalle de Reordenación de volumes na Avda. de Ourense nº 130, esquina Pista dos Castros”.

4.- Rogos e preguntas.

Xinzó de Limia, 18 de decembro de 2014.



Secretaria,

Assinada por Marta Mª Gómez Ruíz.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso contencioso administrativo ante a Sala Correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o seguinte ó da súa notificación. Non obstante e con carácter potestativo, poderá interpor recurso de reposición ante o propio órgano autor desta resolución no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa notificación. Contra a resolución deste último recurso non poderá interpoñerse de novo recurso de reposición.

Todo elo sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que Vd. estime máis procedente e sexa conforme a Dereito.